

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2015 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.

Sendo as 11:10 horas do día 28 de setembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do servizo municipal de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora, dona María García Ferro, Vicesecretaria xeral do Concello, dona Matilde García Losada, Xefa da sección de Cultura, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Tamén asisten ao acto público don Ignacio Crecente, en representación de ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L, don Hugo González, en representación de FERNANDO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, don Antonio Reija, en representación de NALGURES PRODUCCIÓN S.L, don Ana Belén Caamaño, en representación de PRODUCCIONES LITORIA S.L e don José Ángel Sacarrera en representación de PRODUCCIONES EMSAC S.L.

Abre a sesión o sr. Presidente e procécese por parte do secretario da mesa a informar aos presentes que todas as proposicións presentadas foron admitidas á licitación ao considerar a mesa de contratación que a documentación administrativa presentada é correcta. Procédese a continuación á apertura dos sobres B (Oferta económica), co seguinte resultado:

PRODUCCIONES EMSAC S.L propón o seguinte prezo:

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.
- PREZO TOTAL CON IVE: 71.390 euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.
- PREZO TOTAL CON IVE: 58.080 euros.

FERNANDO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ propón o seguinte prezo:

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.
- PREZO TOTAL CON IVE: 58.080 euros.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Acta mesa de contratación 29-09-2015

Asunto:

CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.

- PREZO TOTAL CON IVE: 73.592,20 euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- PREZO TOTAL CON IVE: 59.144,80 euros.

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- PREZO TOTAL CON IVE: 40.474,50 euros.

ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- PREZO TOTAL CON IVE: 59.265,80 euros.

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- PREZO TOTAL CON IVE: 40.777 euros.

KACHET LOXÍSTICA S.A

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.

- PREZO TOTAL CON IVE: 72.116 euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- PREZO TOTAL CON IVE: 62.436 euros.

PRODUCCIONES LITORIA S.L

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.

- PREZO TOTAL CON IVE: 81.224,88 euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- PREZO TOTAL CON IVE: 61.269,56 euros.

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- PREZO TOTAL CON IVE: 38.024,25 euros.

NALGURES PRODUCCIONS S.L

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.

- PREZO TOTAL CON IVE: 83.730,79 euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- PREZO TOTAL CON IVE: 59.530 euros.

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- PREZO TOTAL CON IVE: 37.750,79 euros.

ALFONSO MUÑOZ MEILÁN

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- PREZO TOTAL CON IVE: 34.750 euros.

Á vista das ofertas presentadas e tendo en conta que o prezo ofertado é o único criterio de adxudicación, a mesa de contratación acorda:

- Propoñer a adxudicación do lote 1 a PRODUCCIONES EMSAC S.L por ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello.
- Propoñer a adxudicación do lote 3 a ALFONSO MUÑOZ MEILÁN, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa para o Concello.
- Consultar o procedemento a seguir con respecto á selección da empresa proposta para o lote 2 ao terse producido un empate (58.080 euros) entre as ofertas de PRODUCCIONES EMSAC S.L e FERNANDO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ.

Tras unha breve deliberación e unha vez consultada a normativa vixente así como doutrina sobre a cuestión, os integrantes da mesa de contratación acordan celebrar un sorteo para seleccionar á empresa proposta como adxudicataria do lote 2 entre as dúas que ofertaron o prezo mais baixo. Baseanse á hora de adoptar este acordo no previsto no artigo 87.2 do R.D 1098/2001, de 13 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas así como no significado en diversos informes de órganos consultivos, a saber:

- Informe 14/13, de 25 de xuño de 2014, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Informe 7/2014, de 11 de abril, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Generalitat de Catalunya.
- Informe 3/2011, de 29 de setembro da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Madrid.
- Informe 7/2012, de 7 de marzo, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón.

Procédese polo tanto a continuación a celebrar o sorteo entre as dúas proposicións empatadas, en presenza dos seus representantes, don Hugo González (Fernando Martínez Rodríguez) e don José Ángel Sacarrera (Proudcciones EMSAC S.L). O sorteo realizarase a través do lanzamento dunha moeda ao aire. Don Hugo González elixe cruz e don José Ángel Sacarrera elixe cara, de xeito que si a moeda cae e a parte visible cara arriba é a cruz, o gañador

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Acta mesa de contratación 29-09-2015


Asunto:

será FRANCISCO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, e se a parte visible cara arriba e a cara, o gañador será PRODUCCIONES EMSAC S.L. O Secretario da mesa de contratación tira a moeda ao aire e sale cara, o cal é comprobado por parte dos integrantes da mesa e as persoas presentes.

En consecuencia, os integrantes da mesa acordan propoñer como adxudicatario lo lote 2 á empresa PRODUCCIONES EMSAC S.L, ao ser a oferta economicamente mais vantaxosa para o Concello e ser a gañadora do sorteo realizado.

Sen mais que manifestar, conclúese ás 11:50 horas, no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz